



PLAN DE SEGURIDADE VIARIA DE GALICIA 2016-2020

XUNTA DE GALICIA

PLAN DE SEGURIDADE VIARIA DE GALICIA

2016-2020

Coa colaboración da Asociación Española de la Carretera



Índice

1. ANTECEDENTES: O PLAN DE SEGURIDADE VIARIA DE GALICIA 2011-2015.	4
2. EVOLUCIÓN DA ACCIDENTALIDADE EN GALICIA E ANÁLISE COMPARATIVO.	7
2.1. SINIESTRALIDADE EN GALICIA.....	7
2.1.1. Accidentes con Víctimas	7
2.1.2. Feridos Graves.....	7
2.1.3. Falecidos.....	8
2.1.4. Análise do cumprimento do Obxectivo do Plan 2011-2015 e do Obxectivo 2020	
2.2. SINIESTRALIDADE NA REDE AUTONÓMICA DE GALICIA	11
2.2.1. Accidentes con vítimas.....	11
2.2.2. Falecidos.....	11
3. O CONTEXTO MUNDIAL, EUROPEO E NACIONAL.....	12
3.1. DÉCADA DE ACCIÓN DA SEGURIDADE VIARIA 2010-2020: PRIORIDADES DE ACTUACIÓN SEGUNDO NACIONS UNIDAS.....	12
3.2. O CONTEXTO DA UNIÓN EUROPEA: ORIENTACIÓNS POLÍTICAS SOBRE SEGURIDADE VIARIA 2011-2020	15
3.3. GOBERNO DE ESPAÑA: PLAN ESTRATÉXICO DE SEGURIDADE VIARIA 2011-2020.	17
4. PUNTO DE PARTIDA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE SEGURIDADE VIARIA DE GALICIA 2016-2020	20
4.1. OBXECTIVO DO PLAN DE SEGURIDADE VIARIA 2016-2020.	20
4.2. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS DO PLAN DE SEGURIDADE VIARIA 2016-2020.....	22
4.3. DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PARA INCLUÍR NO PLAN DE SEGURIDADE VIARIA.....	23
4.4. XESTIÓN DO PSV DE GALICIA 2016-2020.....	78
ANEXO 1: Acci3ns propostas por axentes implicados	79
ANEXO 2: Análise DAFO e CANVAS do Plan de Seguridade Viaria de Galicia	844
Bibliografía	866

1. ANTECEDENTES: O PLAN DE SEGURIDADE VIARIA DE GALICIA 2011-2015.

En 2011 a Xunta de Galicia asumiu o reto de poñer en marcha un Plan de Seguridade Viaria coa misión de reducir ao máximo o número de accidentes de tráfico, así como minimizar as consecuencias destes (Xunta de Galicia, 2011).

Todos os organismos internacionais, dende as Nacións Unidas ata o Banco Mundial, pasando pola Comisión Europea, coinciden en que os cimentos da prevención eficaz dos accidentes de tráfico comezan pola vontade dos poderes públicos e continúan pola coordinación de esforzos a través dunha estratexia ou plan integral de seguridade viaria.

Tamén coinciden en que é imprescindible a definición consensuada de obxectivos concretos, ambiciosos pero alcanzables e a avaliación continua dos progresos. Aquí é onde radica precisamente a xustificación do Plan de Seguridade Viaria de Galicia.

Ao ser un proxecto multidisciplinar, no seu desenvolvemento contouse coa participación de todos os departamentos do Goberno autonómico. Son numerosos os profesionais que traballaron e se esforzaron, dende as súas diferentes áreas de traballo, para que esta iniciativa tivera garantías de éxito.

O obxectivo estratéxico do Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2011-2015 consistía en “Reducir o ratio de mortos e feridos graves en accidentes de tráfico por millón de habitantes de maneira que Galicia se sitúe no contorno da media española”.

Se ben o ámbito de actuación da Xunta de Galicia límitase á Rede Autonómica de Estradas, este obxectivo planteouse dende unha perspectiva global, é dicir, tomando como indicadores de referencia as taxas de falecidos e feridos graves por millón de habitantes correspondentes ás cifras de siniestralidade rexistradas en todas as estradas da Comunidade autónoma e non só nas de competencia autonómica. Esta consideración foi tomada en base a varios motivos:

- A vontade da Xunta de Galicia de deseñar un Plan Integral de Seguridade Viaria, para toda a Comunidade Autónoma.
- A evidencia de que moitas das medidas adoptadas presentan un alcance superior ao da rede autonómica, posto que, por exemplo, un condutor mellor formado e máis concienciado será un usuario máis seguro en toda a rede de estradas, independentemente do titular da vía.
- En contraposición ao argumento anterior, débese sinalar que existen competencias exclusivas de cada xestor viario, as cales teñen unha importancia significativa sobre a seguridade viaria. Tal é o caso da inversión en conservación de estradas por cada administración competente.
- Debido a isto, o cumprimento ou a desviación respecto ao obxectivo marcado no Plan de Seguridade Viaria 2011-2015 non debe atribuírse tan só á administración encargada do seu deseño e execución, senón en maior ou menor medida, a todas as que presentan responsabilidades de xestión viaria en Galicia.

O Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2011-2015 contaba con sete Obxectivos Estratéxicos, a partir dos cales se definiron ao redor de 80 accións encamiñadas a mellorar a seguridade viaria en Galicia.

No ano 2013 levouse a cabo un seguimento das accións contempladas no Plan co obxectivo de comprobar se foran executadas, así como de medir o seu impacto, a través dunha serie de indicadores. A continuación preséntanse os sete obxectivos estratéxicos do Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2011-2015, así como as accións definitivas trala revisión levada a cabo no ano 2013.

Táboa 1. Obxectivos Estratéxicos do Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2011-2015. (Fonte: Xunta de Galicia)

Obxectivos Estratéxicos Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2011-2015	<i>1. Promover contornos urbanos seguros e mellorar o transporte público</i>
	2. Obter condutas viarias seguras
	3. Mellorar a seguridade da estrada
	4. Protexer aos usuarios vulnerables
	5. Aumentar a investigación en materia de seguridade viaria
	6. Dar apoio ás vítimas
	7. Mellorar a colaboración entre administracións e os protocolos de actuación

Táboa 2. Accións do Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2011-2015 (Fonte: Xunta de Galicia)

OBXECTIVO ESTRATÉGICO	ACCIÓNS
1. Promover contornos urbanos seguros e mellorar o transporte público	<ul style="list-style-type: none"> 1.1. Consideración da compoñente de seguridade viaria nos informes de planeamento e ordenación do territorio 1.2. Obras de acondicionamento, mellora e actuacións en travesías de estradas convencionais 1.3. Itinerario escolar seguro 1.4. Novo Plan de Transporte Metropolitano de Galicia 1.5. Plan de modernización do transporte público en Galicia 1.6. Mellora da seguridade viaria en zonas de vivendas protexidas 1.7. Aparcamentos disuasorios 1.8. Instalación de marquesiñas e postes de paradas de autobús. 1.9. Transporte urbano limpo.
2. Obter condutas viarias seguras	<ul style="list-style-type: none"> 2.1. Accións de educación viaria para persoas adultas 2.2. Xornada de educación e formación viaria 2.3. Curso na Plataforma de formación "PLATEGA": estratéxicas didácticas para a seguridade viaria nas ensinanzas non universitarias 2.4. Cursos de seguridade viaria na conducción 2.5. Reparto de material: chalecos reflectores 2.6. Formación para a mellora do coñecemento na atención do paciente politraumatizado 2.7. Realización de campañas de difusión entre os traballadores sobre a importancia da seguridade viaria 2.8. Xornadas técnicas de seguridade viaria no ámbito laboral 2.9. Actuacións de asesoramento a empresas con elevado número de accidentes de tráfico "in itinere" e "en misión". Desenvolvemento de programas de seguridade viaria laboral 2.10. Campaña libre: condutor alternativo 2.11. Programa MÓVETE: formación e información sobre seguridade viaria dirixida á xuventude 2.12. Iniciativa XOVE: promoción da participación dos mozos a través de iniciativas propias 2.13. Campaña libre: cursos de conducción segura para mozos entre 18 e 25 anos 2.14. Formación viaria para as empresas do transporte público e condutores profesionais 2.15. Programa "Cambio de sentido" 2.16. Formación dos cidadáns sobre a atención post-accidente 2.17. Campañas de sensibilización en materia de seguridade viaria dirixidas a pais e a fillos 2.18. Formación específica en seguridade viaria e na intervención nos accidentes de estrada 2.19. Programa para a obtención do permiso de conducir do colectivo xitano 2.20. Portal específico de seguridade viaria 2.21. Película para a sensibilización na seguridade viaria
3. Mellorar a seguridade da estrada	<ul style="list-style-type: none"> 3.1. Construción de vías de altas prestacións 3.2. Programa de eixos novos e variantes, separación de tráfico 3.3. Adaptación de estradas ao plan de IMD mellorada 3.4. Actuacións de seguridade viaria (TCAs, sistemas de protección para motoristas, carrís bici, sendas peonís e beirarrúas 3.5. Actuacións de mantemento e conservación da rede autonómica 3.6. Anexo de seguridade viaria 3.7. Prevención de accidentes con fauna 3.8. Deseño de estradas que perdoan 3.9. Execución de obras en camiños rurais existentes e creación de novos camiños a través da concentración parcelaria 3.10. Estudos sobre mobilidade nos camiños rurais 3.11. Elaboración de normativa de estradas
4. Protexer aos usuarios vulnerables	<ul style="list-style-type: none"> 4.1. Plan Director de Mobilidade alternativa de Galicia 4.2. Charlas informativas sobre seguridade viaria en centros sociocomunitarios do benestar 4.3. Campaña de introdución de dispositivos de retención infantil nas ambulancias de transporte sanitario
5. Aumentar a investigación en materia de seguridade viaria	<ul style="list-style-type: none"> 5.1. Elaboración de publicacións de estatísticas sobre a Inspección Técnica de Vehículos 5.2. Análise da siniestralidade laboral por accidentes de tráfico no marco do observatorio de accidentalidade do ISSGA 5.3. Enquisas sobre a percepción dos usuarios a través do Instituto Galego de Estatística 5.4. Estudos en profundidade de accidentes con mortos e feridos graves 5.5. Colaboración en proxectos de ámbito estatal e/ou europeo
6. Dar apoio ás vítimas	<ul style="list-style-type: none"> 6.1. Proporcionar asistencia psicolóxica a vítimas e familiares
7. Mellorar a colaboración entre administracións e os protocolos de actuación	<ul style="list-style-type: none"> 7.1. Coordinación de recursos implicados na atención "in situ" dun accidente 7.2. Ampliación ou mellora dos vehículos de protección civil e de bombeiros 7.3. Colaboración da unidade da policía adscrita na seguridade do transporte por estrada 7.4. Comprobar a rede de centros de instalación e verificación 7.5. Ampliar as autorizacións dos centros de instalación e verificacións de tacógrafos dixitais a varios fabricantes 7.6. Control dos departamentos ou centros de formación en materia de tacógrafos dixitais 7.7. Mesa de coordinación e seguimento do Plan de Seguridade Viaria 7.8. Configuración de grupos de traballo de primeiros intervinientes para levar a cabo procedementos de actuación conxuntos 7.9. Atención prestada polo servizo 112.

2. EVOLUCIÓN DA ACCIDENTALIDADE EN GALICIA E ANÁLISE COMPARATIVO.

2.1. SINIESTRALIDADE EN GALICIA

2.1.1. Accidentes con vítimas

A evolución dos accidentes con vítimas en Galicia experimentou un descenso do 36,3% dende o ano 2001, se ben no trienio 2011-2013, durante o cal se encontraba vixente o Plan de Seguridade Viaria 2011-2015, rexistrou un incremento do 17%, igualando a cifra alcanzada en 2008.




Figura 1. Evolución accidentes con vítimas en Galicia. (Fonte: Dirección Xeral de Tráfico)

2.1.2. Feridos Graves

Durante o período 2001-2013, Galicia experimentou unha redución do 72,9% no número de feridos graves, mentres que entre 2011 e 2013 este grupo de vítimas rexistrou unha diminución de 143, o que se corresponde cun descenso do 17,4%.




Figura 2. Evolución de feridos graves en Galicia. (Fonte: Dirección Xeral de Tráfico)

Respecto ás provincias galegas, A Coruña é a que presentou unha maior redución de feridos graves durante o período 2011-2013, cunha diminución do 26%, seguida de Lugo cun 21,3%, Pontevedra cun 10,9% e Ourense cun 4,9%.




Figura 3. Evolución de feridos graves por provincias en Galicia. (Fonte: Dirección Xeral de Tráfico)

2.1.3. Falecidos

Durante o período 2001-2014 o número de falecidos en Galicia experimentou unha redución do 70,6%, mentres que entre 2011 e 2014 as vítimas mortais diminuíron en 47 persoas, o que corresponde a unha redución do 25,2%.




Figura 4. Evolución de falecidos a 30 días en Galicia. (Fonte: Dirección Xeral de Tráfico)

Respecto ás provincias galegas, no período 2011-2014 Ourense rexistrou o maior descenso en vítimas mortais, cunha redución do 47%, seguida de Pontevedra (38,8%), A Coruña (12,7%) e Lugo (5,7%).

Falecidos nas provincias galegas




Figura 5. Evolución de falecidos a 30 días nas provincias galegas. (Fonte: Dirección Xeral de Tráfico)

2.1.4. Análise do cumprimento do Obxectivo do Plan 2011-2015 e do Obxectivo 2020

O obxectivo estratéxico do Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2011-2015 era **“Reducir o ratio de mortos e feridos graves en accidentes de tráfico por millón de habitantes de maneira que Galicia se sitúe no contorno da media española”**.

A análise da taxa de feridos graves por millón de habitantes, durante o período 2011-2013, revela que a redución rexistrada en Galicia (16,6%) foi case 6 puntos porcentuais superior á de España (10,8%). Pendente de coñecerse o dato correspondente ao ano 2014 para Galicia, este indicador é un 14,4% superior ao correspondente á media nacional en 2013.

Feridos graves por millón de habitantes




Figura 6. Evolución do ratio de feridos graves por millón de habitantes en Galicia. (Fonte: elaboración propia a partir de datos da Dirección Xeral de Tráfico e o Instituto Nacional de Estadística)

En canto ao ratio de falecidos por millón de habitantes, o correspondente a Galicia durante o período 2011-2014 rexistrou unha diminución do 23,8%, mentres que o de España obtivo un descenso do 18,1%, o que implica unha diferenza de 5,7 puntos porcentuais. En calquera caso, Galicia presenta unha taxa de falecidos por millón de habitantes un 41,6% superior á media nacional.




Figura 7. Evolución do ratio de falecidos por millón de habitantes en Galicia. (Fonte: elaboración propia a partir de datos da Dirección General de Tráfico e o Instituto Nacional de Estatística)

Ao principio da presente década, tanto a Unión Europea, como Nacións Unidas expuxeron un obxectivo ambicioso pero alcanzable para moitos países e comunidades autónomas: a redución do número de vítimas mortais no período 2011-2020. A Figura 8 amosa que na actualidade, Galicia mostra unha evolución da mortalidade compatible co cumprimento do Obxectivo 2020, ao situarse por debaixo da liña tendencial necesaria para a consecución deste.




Figura 8. Evolución da mortalidade a 30 días en Galicia e comparación co Obxectivo 2020. (Fonte: elaboración propia a partir dos datos da Dirección Xeral de Tráfico).

2.2. SINIESTRALIDADE NA REDE AUTONÓMICA DE GALICIA

2.2.1. Accidentes con vítimas

Durante o quadriennio 2011-2014, A Coruña, Lugo e Ourense experimentaron un aumento significativo no número de accidentes con vítimas, pasando de 362 a 448 sinistros a primeira, o que supón un incremento do 23,7%, de 98 a 145 a segunda, que implica un aumento do 47,9% e de 50 a 85 a terceira, o maior incremento de todas as provincias cun 70%. Pola contra, en Pontevedra produciuse un leve descenso no número de sinistros (-2,5%). Así pois, en total, a Rede Autonómica de Galicia rexistrou un aumento da siniestralidade viaria do 13,3%.




Figura 9. Evolución dos accidentes con vítimas na rede autonómica. (Fonte: Xunta de Galicia)

2.2.2. Falecidos

Respecto ao número de falecidos, Ourense rexistrou un descenso do 33,3% no período 2011-2014, mentres que en Pontevedra diminuíu un 38,8%. Non ocorreu o mesmo na Coruña nin en Lugo, onde se experimentaron aumentos do 40% e do 72,7%, respectivamente. Cabe destacar o feito de que o ano 2014 foi especialmente negativo, xa que no total da rede autonómica de Galicia o número de mortos pasou de 39 no ano 2013 a 55 en 2014.




Figura 10. Evolución de falecidos a 24 horas na Rede Autonómica de Estradas de Galicia. (Fonte: Xunta de Galicia).

3. O CONTEXTO MUNDIAL, EUROPEO E NACIONAL.

O Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020 concíbese como un instrumento de planificación aliñado coas políticas actuais en materia de seguridade viaria no contexto mundial, europeo e nacional. Neste sentido, resúmense a continuación as iniciativas actualmente en vigor, que serven como marco de actuación en materia de seguridade viaria.

3.1. DÉCADA DE ACCIÓN DA SEGURIDADE VIARIA 2010-2020: PRIORIDADES DE ACTUACIÓN SEGUNDO NAÇÕES UNIDAS

No Plan Mundial para o Decenio de Acción para a Seguridade Viaria 2011-2020 establecéanse as seguintes actividades no plan nacional, alentando aos países á súa aplicación (Naciones Unidas, 2010):

Pilar 1: Xestión da Seguridade Viaria.

Alentar a creación de alianzas multisectoriais e a designación de organismos coordinadores que teñan capacidade para elaborar estratexias, plans e metas nacionais en materia de seguridade viaria e para dirixir a súa execución, baseándose na recompilación de datos e na investigación para avaliar o deseño de contramedidas e vixiar a aplicación e a súa eficacia. Para isto propóñense as seguintes actividades:

- Establecer un organismo coordinador (e mecanismos de coordinación conexos) da seguridade que conte coa participación de interlocutores dunha variedade de sectores implicados.
- Elaborar unha estratexia nacional (a nivel ministerial ou do Consello de Ministros), coordinada polo organismo principal.
- Fixar metas realistas e a longo prazo para as actividades nacionais, baseadas na análise dos datos sobre accidentes de tráfico.
- Traballar para garantir que se dispoña de fondos suficientes para a execución das actividades de seguridade viaria.
- Establecer e respaldar sistemas de datos para o seguimento e avaliación continuos, a fin de incorporar procesos e indicadores de resultados, incluíndo o establecemento e apoio de sistemas locais e nacionais para seguir de cerca a evolución da accidentalidade e das medidas implantadas.

Pilar 2: Vías de tránsito e mobilidade máis seguras.

Aumentar a seguridade intrínseca das redes de estradas en beneficio de todos os usuarios das vías, especialmente dos máis vulnerables (peóns, ciclistas e motociclistas). Isto lograrase mediante a aplicación de avaliacións da infraestrutura viaria e a mellora da planificación, o deseño, a construción e o funcionamento das estradas tendo en conta a seguridade. Para isto propóñense as seguintes actividades:

- Fomentar entre as autoridades, os enxeñeiros de estradas e os responsables da planificación urbana a implicación na seguridade viaria.
- Fomentar a inclusión das necesidades de todos os usuarios das vías na planificación urbana, a xestión da demanda de transporte e a xestión do uso do territorio sustentable.
- Fomentar o funcionamento seguro, o mantemento e a mellora da infraestrutura viaria existente.
- Fomentar a creación de novas infraestruturas seguras que satisfagan as necesidades de mobilidade e acceso de todos os usuarios.
- Alentar a creación de capacidade e a transferencia de coñecementos en materia de infraestruturas seguras.
- Fomentar actividades de investigación e desenvolvemento relativas á maior seguridade das vías de tránsito e a mobilidade.

Pilar 3: Vehículos máis seguros.

Alentar o despregamento universal de mellores tecnoloxías de seguridade pasiva e activa dos vehículos, combinando a harmonización das normas mundiais pertinentes, os sistemas de información aos consumidores e os incentivos destinados a acelerar a introdución de novas tecnoloxías. Para isto propóñense as seguintes actividades:

- Alentar aos Estados a que apliquen e promulguen as regulamentacións de seguridade sobre vehículos a motor elaborados polo Foro Mundial das Nacións Unidas para a harmonización das Regulamentacións sobre Vehículos.
- Alentar a aplicación de novos programas de avaliación de vehículos en todas as comunidades autónomas do mundo, para aumentar a dispoñibilidade de información aos consumidores sobre as prestacións de seguridade dos vehículos a motor.
- Alentar a concertación para garantir que todos os novos vehículos de motor estean, como mínimo, equipados con cintos de seguridade e ancoraxes que cumpran os requisitos regulamentarios e as normas aplicables ás probas de colisión
- Alentar o despregamento universal nas motocicletas de tecnoloxías de prevención de colisións con eficacia demostrada, tales como os sistemas de control electrónico da estabilidade e antibloqueo da freada.
- Alentar a utilización de incentivos fiscais para os vehículos de motor que ofrezan altos niveis de protección aos usuarios e desalentar as importacións e exportacións de vehículos novos e usados cuxas normas de seguridade sexan reducidas.
- Alentar a aplicación das regulamentacións de protección dos peóns e o aumento das investigacións sobre tecnoloxías de seguridade deseñadas para reducir os riscos que corren os usuarios vulnerables nas vías.
- Alentar aos responsables da xestión das flotas de vehículos dos sectores público e privado a que adquieran, utilicen e manteñan vehículos que ofrezan tecnoloxías de seguridade modernas e altos niveis de protección aos pasaxeiros.

Pilar 4: Usuarios de vías máis seguros.

Elaborar programas integrais para mellorar o comportamento dos usuarios; para isto débense potenciar as leis e normas en combinación coa educación e sensibilización pública para aumentar as taxas de utilización do cinto de seguridade e do casco, reducir a conducción baixo os efectos do alcohol, a velocidade inadecuada e outros factores de risco. Para isto propóñense as seguintes actividades:

- Aumentar a concienciación sobre os factores de risco da seguridade viaria e as medidas preventivas, e realizar campañas para influír nas opinións sobre a necesidade de programas de seguridade viaria.
- Establecer e vixiar o cumprimento dos límites de velocidade, as leis para o uso do casco, para o uso do cinto de seguridade, sistemas de retención infantil e para evitar o consumo de alcohol asociado á conducción e outras normas orientadas a reducir a accidentalidade e as súas consecuencias.
- Establecer e vixiar o cumprimento das leis de transporte, saúde e seguridade laboral, e as normas e regras para o funcionamento seguro de vehículos comerciais de transporte de pasaxeiros e mercadorías.
- Investigar, elaborar e promover políticas integrais para reducir os accidentes laborais de seguridade viaria.
- Fomentar o establecemento de sistemas de concesión de permisos de conducción graduais aos condutores noveis.

Pilar 5: Resposta tras os accidentes.

Aumentar a capacidade de resposta ás emerxencias ocasionadas polos accidentes e mellorar a capacidade dos sistemas de saúde e doutra índole para brindar ás vítimas tratamento de emerxencia apropiado e rehabilitación. Para isto propóñense as seguintes actividades:

- Crear sistemas de atención pre-hospitalaria, incluída a extracción das vítimas dos vehículos sinistrados e poñer en funcionamento un número telefónico único a nivel nacional para emerxencias.
- Crear sistemas de atención hospitalaria e avaliar a calidade da atención médica mediante a aplicación de boas prácticas.
- Prestar servizos de rehabilitación e apoio aos pacientes lesionados e ás vítimas dos falecidos, para minimizar os efectos físicos e psicolóxicos dos accidentes.
- Alentar o establecemento de sistemas de seguros apropiados para os usuarios das vías.
- Fomentar a investigación exhaustiva dos accidentes e a aplicación dunha reposta xurídica eficaz en caso de falecemento, xusta para os feridos e os familiares.
- Fomentar os incentivos á contratación de empregados con discapacidade.
- Alentar a investigación e o desenvolvemento sobre a mellora da resposta tras os accidentes.

Con carácter internacional, propóñense as seguintes actividades:

- Alentar o aumento do financiamento da seguridade viaria.
- Promover a seguridade viaria ao máximo nivel e facilitar a colaboración entre todos os implicados.
- Aumentar a concienciación sobre factores de risco e a necesidade dunha maior prevención dos accidentes.
- Orientar aos países sobre a necesidade de reforzar os sistemas de xestión da seguridade viaria e a implantación de boas prácticas de seguridade viaria e atención médica.
- Mellorar a calidade dos datos de seguridade viaria.




Figura 11. Esquema dos pilares do Decenio de Acción para a Seguridade Viaria. (Fonte: Nacións Unidas).

3.2. O CONTEXTO DA UNIÓN EUROPEA: ORIENTACIÓNS POLÍTICAS SOBRE SEGURIDADE VIARIA 2011-2020

A política de seguridade viaria da Unión Europea remóntase á creación da propia Unión, se ben materialízase a principios da década dos noventa, cando se publicou o primeiro Plan de Acción de Seguridade Viaria da Comisión Europea, con horizonte de aplicación 1993-1996. A esta estratexia seguíronlle outras, así como outras moitas iniciativas de planificación e legislativas, que se foron incorporando ás políticas dos Estados Membros.

Actualmente, están en vigor as seguintes orientacións políticas sobre seguridade viaria, publicadas no ano 2010 para o período 2011-2020 (Comisión Europea, 2010), que realizan unha valoración das políticas anteriores e o estado da accidentalidade na Unión Europea. Os principios de traballo son alcanzar o máximo nivel de seguridade viaria en toda Europa, conseguir un enfoque integrado sobre a seguridade viaria e respectar a subsidiariedade, proporcionalidade e responsabilidade compartida.



Novamente a Comisión Europea establece o obxectivo de reducir á metade o número total de vítimas mortais nas vías da Unión Europea para 2020, tomando como referencia as cifras de 2010. Así mesmo, cítanse os seguintes obxectivos estratéxicos:

- Obxectivo 1: Mellorar a educación e a formación dos usuarios da estrada.

Para isto a Comisión traballará, en colaboración cos Estados membros, cando proceda, no desenvolvemento dunha estratexia educativa e formativa común sobre seguridade viaria, que incluírá especialmente a integración da aprendizaxe no proceso previo á concesión do permiso, así como requisitos mínimos comúns para os instrutores de autoescola.

- Obxectivo 2: Maior cumprimento das normas de circulación.

A Comisión traballará conxuntamente co Parlamento Europeo e o Consello para establecer o intercambio transfronterizo de información sobre seguridade viaria. Así mesmo, desenvolverase unha estratexia común de cumprimento das normas de seguridade viaria, que incluírá a posibilidade de introducir os limitadores de velocidade nos vehículos industriais lixeiros e de obrigar ao uso de dispositivos de bloqueo por alcoholemia en determinados casos concretos e o establecemento de plans nacionais de aplicación.

- Obxectivo 3: Maior seguridade das infraestruturas viarias.

A Comisión asegurarse de que só se concedan fondos europeos a infraestruturas que cumpran as Directivas relativas á seguridade viaria e a seguridade nos túneles, ao tempo que promoverá a aplicación dos principios pertinentes de xestión da seguridade das infraestruturas a estradas secundarias dos Estados membros, en particular mediante o intercambio de boas prácticas.

- Obxectivo 4: Vehículos máis seguros.

Para isto a Comisión presentará propostas para favorecer a seguridade activa e pasiva de vehículos como as motocicletas e os vehículos eléctricos, propoñerá accións orientadas á harmonización e a consolidación progresivas das inspeccións técnicas e das inspeccións técnicas en estrada e seguirá avaliando as repercusións e as vantaxes dos sistemas de cooperación co fin de atopar as aplicacións máis útiles e recomendar as medidas pertinentes para a súa implantación sincronizada.

- Obxectivo 5: Promoción do uso das novas tecnoloxías para aumentar a seguridade viaria

No contexto da aplicación do Plan de Acción de Sistemas Intelixentes de Transporte e da Directiva proposta sobre estes, a Comisión colaborará cos Estados membros con miras a avaliar a viabilidade de readaptación dos vehículos comerciais e privados con sistemas avanzados de asistencia ao condutor e acelerará a implantación de eCall (chamada automática de emerxencia en caso de accidente) e estudará a súa ampliación a outros vehículos.

- Obxectivo 6: Mellora dos servizos de emerxencia e atención tras as lesións

En colaboración cos Estados membros e outros axentes participantes na seguridade viaria, a Comisión propoñerá a creación dunha estratexia global de actuación en materia de lesións en accidentes de tráfico e primeiros auxilios.

- Obxectivo 7: Protección dos usuarios máis vulnerables da estrada

A Comisión presentará propostas co obxecto de supervisar e seguir desenvolvendo normas técnicas para a protección dos usuarios máis vulnerables da estrada, incluír os vehículos de dúas rodas nas inspeccións e aumentar a seguridade dos desprazamentos en bicicleta e doutros usuarios vulnerables da estrada, por exemplo, promovendo a creación de infraestruturas adecuadas.

3.3. GOBERNO DE ESPAÑA: PLAN ESTRATÉGICO DE SEGURIDADE VIARIA 2011-2020.

A Estratexia Española de Seguridade Viaria para o Decenio de Acción da Seguridade Viaria fai referencia a outras iniciativas nacionais de interese, como son, ademais do Plan de Infraestruturas vixente nese momento, a Estratexia de Aforro e Eficiencia Enerxética, a Lei de Economía Sustentable, a Estratexia Española de Mobilidade Sustentable, a Estratexia Nacional sobre Drogas, etc. A filosofía de traballo baséase en conseguir un “Sistema Seguro”, que se describe na seguinte figura (Dirección General de Tráfico, 2011):

TOLERANCIA FÍSICA AO IMPACTO

Os usuarios cometemos erros, o sistema de mobilidade debe estar preparado para os accidentes e minimizar as súas consecuencias.



Figura 12. Principios dun Sistema Seguro. (Fonte: Dirección General de Tráfico)

A Estratexia recolle o obxectivo de reducir á metade o número de vítimas mortais, de acordo ás directrices mundiais para o decenio. Establece, así mesmo, obxectivos específicos para cada un dos colectivos e temas clave que se identifican no proceso de diagnóstico. Establécense as seguintes áreas de actuación:

Táboa 3. Áreas de actuación do Plan Estratégico Seguridad Vial 2011-2020 (Fonte: Dirección General de Tráfico)

ÁREA	MISIÓN DA ÁREA DE ACTUACIÓN
EDUCACIÓN E FORMACIÓN	Potenciar un comportamento cívico, responsable e seguro dos usuarios das vías
Ámbitos de intervención: <ul style="list-style-type: none"> No contorno educativo. No acceso á condución. Na actualización de coñecementos. 	
COMUNICACIÓN	Informar e involucrar á sociedade na súa responsabilidade coa mellora da seguridade viaria.
Ámbitos de intervención: <ul style="list-style-type: none"> Campañas de información e concienciación. Implicación da sociedade civil. 	
A NORMA E O SEU CUMPRIMENTO	Consolidar o cambio de comportamento dos usuarios das vías supervisando o cumprimento da norma.
Ámbitos de intervención: <ul style="list-style-type: none"> As reformas normativas. Vixilancia e control da disciplina. As ferramentas para o cumprimento da norma. 	
SAÚDE E SEGURIDADE VIARIA	Garantir as aptitudes para a condución co fin de previr os accidentes de tráfico.
Ámbitos de intervención: <ul style="list-style-type: none"> As aptitudes dos condutores. As implicacións dos profesionais sanitarios. 	
SEGURIDADE NOS VEHÍCULOS	Vehículos equipados con máis e mellores elementos de seguridade.
Ámbitos de intervención: <ul style="list-style-type: none"> A información técnica do vehículo. Cara a un vehículo máis sustentable. Cara a un vehículo máis seguro. 	
INFRAESTRUTURAS E ITS	Lograr estradas máis seguras que axuden ao condutor.
Ámbitos de intervención: <ul style="list-style-type: none"> A información sobre a seguridade das infraestruturas. Explotación e conservación das infraestruturas. O deseño seguro das infraestruturas. Sistemas Intelixentes de Transporte (ITS) e xestión do tráfico. 	
ZONA URBANA	Conseguir unha mobilidade segura dos usuarios máis vulnerables.
Ámbitos de intervención: <ul style="list-style-type: none"> Cara a unha mobilidade urbana sustentable e segura. O deseño urbano baixo criterios de seguridade viaria. A disciplina no ámbito urbano. 	
EMPRESAS E TRANSPORTE PROFESIONAL	Reducir os riscos dos desprazamentos relacionados co traballo.
Ámbitos de intervención: <ul style="list-style-type: none"> Incorporar a cultura de seguridade viaria nas empresas. Mellorar a información sobre os accidentes de tráfico relacionados co traballo. As furgonetas O transporte profesional de mercadorías e viaxeiros. 	
VÍTIMAS	Apoiar ás persoas afectadas polos accidentes de tráfico.
Ámbitos de intervención: <ul style="list-style-type: none"> A atención no accidente. Despois do accidente. As asociacións de vítimas. 	
INVESTIGACIÓN E XESTIÓN	Máis e mellor información para proporcionar un tratamento do coñecemento eficaz das problemáticas de seguridade viaria.
Ámbitos de intervención: <ul style="list-style-type: none"> As estatísticas e os indicadores da seguridade viaria. A investigación relacionada coa seguridade viaria. 	
COORDINACIÓN E PARTICIPACIÓN	Xerar sinerxias promovendo a actuación conxunta dos diferentes axentes.
Ámbitos de intervención: <ul style="list-style-type: none"> A participación da sociedade civil. A coordinación entre administracións. A acción internacional. 	

4. PUNTO DE PARTIDA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE SEGURIDADE VIARIA DE GALICIA 2016-2020

A Comunidade Autónoma de Galicia atesoura unha gran experiencia no deseño e cumprimento de Plans de Seguridade Viaria durante os últimos anos. Neste sentido, as accións contempladas no Plan 2016-2020 basearanse en gran medida naquelas que foron realizadas con éxito en Plans anteriores, demostrando a súa eficacia na mellora da seguridade viaria, complementadas por novas iniciativas que tratarán de reforzar determinados aspectos non cubertos polas medidas existentes ou cuxos resultados non alcanzaron as metas previstas nun primeiro momento.

4.1. OBXECTIVO DO PLAN DE SEGURIDADE VIARIA 2016-2020.


O principal indicador para coñecer o grao de éxito e eficiencia dun determinado Plan de Seguridade Viaria é precisamente o Obxectivo deste, entendido como unha meta cuantitativa que deberá alcanzarse no ano horizonte, a través de todas as accións contempladas no propio Plan.

Este Obxectivo debe ser ambicioso, pero tamén realista. De pouco servirá expor unha meta desexada pero dificilmente alcanzable cos recursos existentes, xa que o máis seguro é que non se consiga alcanzar o dito obxectivo, xerando sensación de frustración e falsas expectativas entre os axentes implicados e mesmo entre a sociedade civil.

De cara á proposta do novo Obxectivo, a continuación lévase a cabo unha análise centrada no anterior Plan de Seguridade Viaria (2011-2015), así como nas expectativas xeradas de cara á nova estratexia de seguridade viaria (2016-2020). Para isto tomaranse en conta as análises DAFO e CANVAS que poden consultarse no ANEXO 2 deste documento.

- A evolución da mortalidade en Galicia é consistente co obxectivo 2020 de redución do 50%
- En 2011 Galicia rexistrou 186 falecidos por sinistros viarios.
- A aliñación do Plan de Galicia co Plan Mundial para o Decenio de Acción de Seguridade Viaria 2011-2020 de Nacións Unidas suporía que en 2020 se rexistraran 93 vítimas mortais na Comunidade Autónoma, o cal na actualidade é perfectamente asumible atendendo á evolución da mortalidade, que como pode apreciarse na seguinte gráfica, sitúase por debaixo da liña tendencial teórica para alcanzar o obxectivo do Plan Mundial.


Evolución da mortalidade en Galicia e comparación co Obxectivo 2020



Gráfica 13. Evolución da mortalidade a 30 días en Galicia e comparación co Obxectivo 2020. (Fonte: elaboración propia a partir dos datos da Dirección General de Tráfico).

- A poboación de Galicia mantívose moi estable dende o ano 2000, se ben dende o ano 2010 rexistrou certo descenso.


POBOACIÓN GALICIA (2000-2014)



Gráfica 14. Evolución da poboación en Galicia. Fonte: INE

- Tendo en conta que a taxa de falecidos por millón de habitantes de Galicia en 2011 foi 67 e supoñendo unha evolución da poboación similar á actual, un descenso do 50% do número de vítimas mortais en 2020 respecto ao ano 2011 suporía unha taxa de 34 falecidos por millón de habitantes.

Falecidos por millón de habitantes



Gráfica 15. Evolución Ratio de Falecidos por millón habitantes en Galicia. Fonte: DGT, INE e elaboración propia.

OBXECTIVO DO PLAN DE SEGURIDADE VIARIA DE GALICIA 2016-2020

Logo de analizada a evolución da siniestralidade viaria en Galicia e tendo en conta o obxectivo de aliñar o Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020 co Plan Mundial para o Decenio de Acción de Seguridade Viaria 2011-2020 de Nacións Unidas, o obxectivo exposto consistirá en obter unha **taxa de 34 falecidos por millón de habitantes en 2020**.

4.2. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS DO PLAN DE SEGURIDADE VIARIA 2016-2020.

Co obxectivo de adaptar o Plan de Seguridade Viaria de Galicia á estratexia do Plan Mundial para o Decenio de Acción, analizarase a posibilidade de axustar os obxectivos estratéxicos do Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2011-2015 aos 5 Pilares do Plan Mundial. Neste sentido, propónse evolucionar os sete obxectivos estratéxicos do período 2011-2015 cos 5 obxectivos estratéxicos do Plan Mundial para o Decenio de Acción para a Seguridade Viaria 2011-2020. A seguinte figura ilustra esta evolución:




Figura 16. Proposta de evolución de obxectivos estratéxicos do Plan de Seguridade Viaria de Galicia para a súa aliñación con obxectivos mundiais. (Fonte: elaboración propia)

4.3. DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PARA INCLUIR NO PLAN DE SEGURIDADE VIARIA.

Logo de vez analizado o informe de seguimento do Plan de Seguridade Viaria 2011-2015 realizado no ano 2013, no cal se propoñía a adaptación de determinadas actuacións no marco dos distintos obxectivos estratéxicos co propósito de obter un Plan máis realista e operativo, a continuación expónse unha proposta de Plan de Accións enmarcada na estrutura do Plan Mundial para o Decenio de Acción de Nacións Unidas 2011-2020.

A esta estrutura será necesario engadir novas accións que se vaian a poñer en marcha no período 2016-2020, así como eliminar ou adaptar accións que non se axusten aos principios de actuación previstos para os próximos catro anos.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1: Xestión da seguridade viaria	Análise da siniestralidade laboral por accidentes de tráfico no marco do observatorio de accidentalidade do ISSGA
	Colaboración en proxectos de ámbito estatal e/ou europeo
	Atención prestada polo Centro de Atención de Emerxencias CAE 112

OBXECTIVO
ESTRATÉXICO 2:
Vías de tránsito e
mobilidade máis
seguras

Consideración do compoñente de seguridade viaria nos informes de planeamento e ordenación do territorio

Proxectos de estradas

Construción de novos eixos de comunicación

Mellora da seguridade viaria na zona de circulación

Mellora da seguridade viaria nas marxes das estradas

Conservación da rede autonómica

Mellora da seguridade viaria dos usuarios vulnerables

Itinerario escolar seguro a través do Plan Proxecta

Prevenición de accidentes con fauna: Autorización de batidas de caza nos lugares onde sexan frecuentes os accidentes por irrupción de animais salvaxes na estrada

Execución de obras en camiños rurais existentes e creación de novos camiños a través da concentración parcelaria

Estudos sobre mobilidade nos camiños rurais

Manuais de boas prácticas

Plan de Transporte Metropolitano de Galicia

Plan de modernización do transporte público en Galicia

OBXECTIVO
ESTRATÉXICO 3:
Vehículos máis
seguros

Elaboración de publicación de estadísticas sobre Inspección Técnica de Vehículos

Ampliación ou mellora da equipación dos servizos de protección civil e de bombeiros

Comprobar a rede de instalación e verificación de tacógrafos dixitais

Certificado de reparación en taller habilitado para segundas inspeccións na ITV

Consulta pública de talleres habilitados

OBXECTIVO
ESTRATÉXICO 4:
Usuarios de vías de
tránsito máis
seguros

Accións formativas con contidos de educación viaria para persoas adultas en réxime penitenciario

Xornada de educación e formación viaria

Cursos de seguridade viaria na conducción

Realización de campañas de difusión entre os traballadores sobre a importancia da seguridade viaria

Xornadas Técnicas de seguridade viaria no ámbito laboral

Actuacións de asesoramento a empresas con elevado número de accidentes de tráfico "in itinere" e en misión. Desenvolvemento de programas de seguridade viaria laboral.

Campaña LIBRE: campaña de sensibilización a pé de rúa nas zonas de ocio nocturno

Campaña LIBRE: Cursos de conducción segura para mozos entre 18 e 30 anos

Programa "Cambio de Sentido"

Campañas de sensibilización en materia de seguridade viaria dirixidas a pais e fillos

Programa para a obtención do permiso de conducir para o colectivo xitano

Portal específico de seguridade viaria

Película para a sensibilización en seguridade viaria: "A pesar de todo, quéroche"

Charlas informativas sobre seguridade viaria en Centros Socio-Comunitarios de Benestar

Colaboración da Unidade de Policía Adscrita na seguridade do transporte por estrada

Elaboración de materiais didácticos ou pedagóxicos sobre mobilidade dirixidos ao contexto educativo

Programa de "Mobilidade Sustentable e Segura", dentro do Plan Proxecta

Colaboración a través de asesoramento na elaboración de materiais educativos para o ámbito da mobilidade segura e sustentable

Curso de formación para docentes

Formación transporte público e condutores profesionais

Grupo de Traballo sobre revisión psicofísica de condutores

OBXECTIVO
ESTRATÉXICO 5:
Resposta tras os
accidentes

Formación para a mellora do coñecemento na atención do paciente politraumatizado

Formación específica en seguridade viaria para policía local e agrupacións de voluntarios na intervención dos accidentes en estradas

Proporcionar asistencia psicolóxica ás vítimas e familiares

Configuración de grupos de traballo de primeiros intervinientes para realizar procedementos de actuación conxuntos

Optimización de resposta ante accidentes de tráfico no medio rural e urbano

Intervencións dos parques de bombeiros en accidentes de tráfico

A táboa 4 mostra un resumo das accións contempladas no Plan de Seguridade Viaria 2016-2020, agrupadas por Obxectivo Estratéxico. A continuación recóllense as fichas de cada unha das medidas expostas.

Táboa 4. Listado de accións por Obxectivo Estratéxico

OBXECTIVO ESTRATÉXICO	ACCIÓNS
1. <i>Xestión da seguridade viaria</i>	1.1. Análise da siniestralidade laboral por accidentes de tráfico no marco do observatorio de accidentalidade do ISSGA 1.2. Colaboración en proxectos de ámbito estatal e/ou europeo 1.3. Atención prestada polo Centro de Atención de Emerxencias CAE 112
2. Vías de tránsito e mobilidade máis seguras	2.1. Consideración do compoñente de seguridade viaria nos informes de planeamento e ordenación do territorio 2.2. Proxectos de estrada 2.3. Construción de novos eixos de comunicación 2.4. Mellora da seguridade viaria na zona de circulación 2.5. Mellora da seguridade viaria nas marxes das estradas 2.6. Conservación da rede autonómica 2.7. Mellora da seguridade viaria dos usuarios vulnerables 2.8. Itinerario escolar seguro a través do Plan Proxecta 2.9. Prevención de accidentes con fauna: Autorización de batidas de caza nos lugares onde sexan frecuentes os accidentes por irrupción de animais salvaxes na estrada 2.10. Execución de obras en camiños rurais existentes e creación de novos camiños a través da concentración parcelaria 2.11. Estudos sobre mobilidade nos camiños rurais 2.12. Manuais de boas prácticas 2.13. Plan de Transporte Metropolitano de Galicia 2.14. Plan de modernización do transporte público en Galicia
3. Vehículos máis seguros	3.1. Elaboración de publicación de estatísticas sobre Inspección Técnica de Vehículos 3.2. Ampliación ou mellora da equipación dos servizos de protección civil e de bombeiros 3.3. Comprobar a rede de centros de instalación e verificación de tacógrafos dixitais 3.4. Certificado de reparación en taller habilitado para segundas inspeccións na ITV 3.5. Consulta pública de talleres habilitados
4. Usuarios de vías de tránsito máis seguros	4.1. Accións formativas con contidos de educación viaria para persoas adultas en réxime penitenciario 4.2. Xornada de educación e formación viaria 4.3. Cursos de seguridade viaria na conducción 4.4. Realización de campañas de difusión entre os traballadores sobre a importancia da seguridade viaria 4.5. Xornadas Técnicas de seguridade viaria no ámbito laboral 4.6. Actuacións de asesoramento a empresas con elevado número de accidentes de tráfico "in itinere" e en misión. Desenvolvemento de programas de seguridade viaria laboral. 4.7. Campaña LIBRE: campaña de sensibilización a pé de rúa nas zonas de ocio nocturno 4.8. Campaña LIBRE: Cursos de conducción segura para mozos entre 18 e 30 anos 4.9. Programa "Cambio de Sentido" 4.10. Campañas de sensibilización en materia de seguridade viaria dirixidas a pais e fillos 4.11. Programa para a obtención do permiso de conducir para o colectivo xitano 4.12. Portal específico de seguridade viaria 4.13. Película para a sensibilización en seguridade viaria: "A pesar de todo, quéroche" 4.14. Charlas informativas sobre seguridade viaria en Centros Socio-Comunitarios de Benestar 4.15. Colaboración da Unidade de Policía Adscrita na seguridade do transporte por estrada 4.16. Elaboración de materiais didácticos ou pedagóxicos sobre mobilidade dirixidos ao contexto educativo 4.17. Programa de "Mobilidade Sustentable e Segura", dentro do Plan Proxecta 4.18. Colaboración a través de asesoramento na elaboración de materiais educativos para o ámbito da mobilidade segura e sustentable 4.19. Curso de formación para docentes 4.20. Formación transporte público e condutores profesionais 4.21. Grupo de Traballo sobre revisión psicofísica dos condutores
5. <i>Resposta tras os accidentes</i>	5.1. Formación para a mellora do coñecemento na atención do paciente politraumatizado 5.2. Formación específica en seguridade viaria para policía local e agrupacións de voluntarios na intervención dos accidentes en estradas 5.3. Proporcionar asistencia psicolóxica ás vítimas e familiares 5.4. Configuración de grupos de traballo de primeiros intervinientes para realizar procedementos de actuación conxuntos 5.5. Optimización de resposta ante accidentes de tráfico no medio rural e urbano 5.6. Intervencións dos parques de bombeiros en accidentes de tráfico

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1: Xestión da Seguridade Viaria

1.1. Análise da siniestralidade laboral por accidentes de tráfico no marco do Observatorio de siniestralidade de ISSGA

Descrición

A elevada siniestralidade viaria no ámbito laboral xustifica unha análise específica dos accidentes “in itinere” e “en misión” como unha das accións a realizar polo Observatorio de Siniestralidade do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA).

Obxectivo

Estudo estatístico dos accidentes de traballo con obxecto de adoptar medidas para a redución da accidentalidade viaria.

Responsable

- Consellería de Economía, Emprego e Industria - Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, ISSGA

Indicadores de seguimento

- Número de publicacións editadas.
 - Ratios de accidentes e vítimas.
-

1.2. Colaboración en proxectos de ámbito estatal e/ou europeo

Descrición

Impulsar a colaboración desta Comunidade Autónoma en proxectos de investigación en seguridade viaria no ámbito da actuación dos servizos de emerxencia. Colaboración a nivel estatal ou europeo en investigacións relacionadas coa seguridade viaria: incorporación ao grupo de traballo de Servizos de Emerxencia das Comunidades do Norte de España para actuación ante accidentes múltiples con vítimas.

Obxectivo

- Mellorar o coñecemento en materia de seguridade viaria relativa aos servizos de emerxencia.

Responsable

-Consellería de Sanidade - SERGAS

Indicadores de seguimento

-Número de proxectos nos que participa

**1.3. Atención
prestada polo
Centro de Atención
de Emerxencias CAE
112**

Descrición

Servizo de atención de emerxencias por parte do 112 a sinistros viarios

Obxectivo

Optimizar a xestión do servizo e levar un seguimento das actuacións realizadas

Responsable

-Vicepresidencia e Consellería de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza - Axencia Galega de
Emerxencias (AXEGA)

Indicadores de seguimento

-Número de incidencias atendidas por CAE 112

OBJETIVO ESTRATÉGICO 2: Vías de tránsito e mobilidade máis seguras

2.1. Consideración da compoñente de seguridade viaria no planeamiento e ordenación do territorio

Descrición

Valorar a seguridade viaria na redacción dos informes de planeamiento e ordenación do territorio.

Obxectivo

Ter en conta a seguridade viaria dende a fase de planificación.

Responsable

- Consellería de Infraestruturas e Vivenda - Axencia Galega de Infraestruturas

Indicadores de seguimento

- Número de informes emitidos

2.2. Proxectos de estradas

Descrición

Consideración do aspecto de seguridade viaria nos proxectos de estradas

Obxectivo

Rexistrar o número de proxectos que inclúen un anexo de seguridade viaria

Responsable

